



BASES DO PREMIO “XAMÓN, PAN E VIÑO” DA FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO 2020

A Fundación Otero Pedrayo, nestes tempos avoltos no que as celebracións en homenaxe ó centenario da revista e xeración Nós e á figura de Carballo Calero se ven atoldadas pola acción da “enfermidade reinante”, e coa colaboración das punteiras iniciativas ourensás **Coren, Viña Costeira e Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea**, quere lembrar e compartir con vostedes nestes momentos de desacougo, a vocación e exemplo de gozador de vida de don Ramón, por riba de todas as dificultades, e da súa devoción polos produtos da Terra. Desta devoción se cadra máis precisa hoxe ca nunca dan boa conta os seus encontros gastronómicos cos amigos ao longo do territorio de Galicia, as xuntanzas na Casa Grande de Cimadevila en Trasalba, a súa “Oda ó Xamón”, os seus poemas sobre o viño en *Bocarribeira*, ou as múltiples gabanzas na súa obra ó pan de Cea.

Para iso, para achegar esperanza na recuperación e albiscar un futuro pleno, a Fundación e as entidades colaboradoras, teñen a ben **convocar un concurso literario** de acordo coas seguintes bases:

- 1) Poderanse presentar todas as persoas que o desexen enviando unha **composición poética** nun doc. anexo en word ou similar, ao correo electrónico concurso.fundacion.otero.pedrayo@gmail.com **deica a fin do día 17 de maio**, Día das Letras Galegas. Deberán incluír os seus datos persoais (nome, dni, enderezo, telefono, email) e, no caso de seren menores, noutro documento anexo, autorización parental para a participación no concurso.
- 2) As composicións, sen límite de tamaño, serán **poemas dedicados a exaltar o goce dos produtos naturais da nosa Terra** e poderán ser publicados os gañadores, na páxina web e outros recursos comunicativos da Fundación e na das entidades colaboradoras.
- 3) Os premios consistirán en **vales cambiáveis nas tendas on line ou no lugar onde indiquen os patrocinadores**, para compraren xamón, viño, pan e os resto dos produtos que ofrezan cada unha das tres entidades, de acordo coa seguinte especificacións:



- a. Primeiro premio: **1.200 euros** en vales de produtos de **COREN, adega Viña Costeira e IXP Pan de Cea.**
 - b. Segundo premio: **700 euros** en vales de produtos de **COREN, adega Viña Costeira e IXP Pan de Cea.**
 - c. Terceiro premio: **300 euros** en vales de produtos de **COREN, adega Viña Costeira e IXP Pan de Cea.**
 - d. Accesits. O xurado outorgará os accésits que xulgue convenientes e consistirán en **lotes de libros e produtos da Fundación**, cos que tamén serán agasallados os tres primeiros premiados.
- 4) O xurado estará integrado por persoas de recoñecido prestixio literario, designadas pola Fundación Otero Pedrayo e farán público o seu inapelable **fallo, o derradeiro domingo de xuño**, data habitual da celebración da Festa de Trasalba, e que, este ano será trasladada, en función das circunstancias, para unha data a sinalar entre a Vendima e a Castiñeira.
- 5) Os premios poderán facerse efectivos na forma que xulgue cada unha das entidades colaboradoras, desde o día **29 de xuño**, festa de San Pedro de Trasalba. O acto simbólico de **confraternización** público, con lectura dos poemas gañadores por parte dos autores, e textos de Otero Pedrayo sobre o xamón, pan e viño, e a alegría de vivir, farase, **en data a sinalar, no tempo do San Martiño.**

Trasalba, 28 de abril, de 2020

